



# Diversidades

educación | inclusión | igualdade | cidadanía

## Memoria 2016



## Presentación

O ano 2016 serviu para que a Asociación Diversidades dese un gran paso adiante nos ámbitos de prestación de servizos ás persoas, no desenvolvemento organizativo, e no financiamento.

Na prestación de servizos ás persoas, multiplicouse o número de persoas participantes nas diferentes accións, o número de participantes nos cursos e o número de insercións laborais. Incrementouse de forma significativa o número de nacionalidades e colectivos sociais atendidos, progresouse no ámbito da igualdade de xénero e na sensibilización para a igualdade de trato e de oportunidades.

No desenvolvemento organizativo destaca o acceso a un novo local, con maiores posibilidades para a atención ás persoas e para o desenvolvemento de accións formativas. Tamén a ampliación do equipo humano, tanto na atención directa como na formación, e a consolidación do voluntariado.

No financiamento pasamos dun balance consolidado de 36.159,93€ en 2015 a un balance provisional de 117.999,35€. Unha parte dos ingresos e gastos corresponderían ao anterior ano natural, pero os compromisos de financiación logrados durante o ano 2016 superan con creces esas cantidades.

## Diversidade de procedencias

Poboación Española

Poboación romaní española

### Poboación nacional da Unión Europea

Bulgaria

Portugal

Francia

Romanía

Polonia

### Poboación de fora da Unión Europea

Alxeria

Bolivia

Angola

Brasil

Bangladesh

China

|              |                   |
|--------------|-------------------|
| Colombia     | Perú              |
| Cuba         | Rusia             |
| Ecuador      | Sahara Occidental |
| Ghana        | Senegal           |
| Guiné Bissau | Serra Leona       |
| Marrocos     | Togo              |
| México       | Ucráína           |
| Moçambique   | Uruguai           |
| Nixeria      | Venezuela         |
| Paquistán    |                   |

Durante o ano 2016 incorporáronse un total de 15 nacionalidades novas, pasando de 15 a 30 nacionalidades diferentes (cun incremento do 100%). Ademais, hai que destacar a continuidade na atención á poboación xitana, tanto española como estranxeira.

## Avaliación de obxectivos

Os principais obxectivos da intervención eran os seguintes:

- Incrementar o número de persoas participantes nos nosos programas e servizos.
- Mellorar a empregabilidade e reforzar a inserción sociolaboral
- Promover a paridade de xénero
- Sensibilizar en materia de igualdade de trato e loitar contra a discriminación

Facendo un balance dos indicadores de resultado dispoñibles, hai que considerar que se cumpriron todos eles:

### **Incrementar o número de persoas participantes nos nosos programas e servizos**

A finais de 2015 pasamos de ter un equipo de intervención centrada na Inclusión Social a un enfoque baseado na inmigración. Daquela, as persoas de alta eran a finais do ano pasado 68. A finais de 2016 eran un total de 177, cun incremento do 160%.

Desta maneira, o número de persoas participantes acumuladas a finais de 2016 supera xa ás correspondentes ao período 2013-2015.

### **Mellorar a empregabilidade e reforzar a inserción sociolaboral**

Os primeiros anos de intervención arredor de obxectivos sociolaborais deixaran uns resultados escasos, sendo necesario incidir nos elementos básicos de empregabilidade. En 2015 xa se producira un importante avance na inserción laboral. E 2016 foi un ano en que

se duplicaron as contratacións, así como os proxectos de autoemprego das persoas participantes nos nosos servizos.

### **Promover a paridade de xénero**

Hai varios indicadores que reforzan os logros en paridade de xénero. O principal é que de 177 persoas, 83 son homes e 94 son mulleres.

No proxecto de igualdade participaron 28 mulleres. Tamén no curso de Lingua e Cultura Española participaron 12 mulleres.

Nos cursos de Competencias Clave Nivel 2 para persoas adultas, a maioría son mulleres, chegando a 14 mulleres para 2 homes na quenda 2016-2017.

Sen embargo, aínda queda un camiño por andar nos cursos de Sociedade de Acollida, cunha maioría de homes en ambas convocatorias.

Comentario a parte merece o Proxecto Pregatirea Maine, porque o número de homes supera con creces ao de mulleres, pero isto é debido a que o abandono escolar prematuro é moito máis elevado nos homes. O reto é ofrecer un seguimento escolar que permita garantir a continuidade nos estudos das nenas inmigrantes con problemas de desigualdade de xénero.

### **Sensibilizar en materia de igualdade de trato e loitar contra a discriminación**

Aínda que non chegamos a despreparar unha estratexia específica de recollida de casos de discriminación, a posta en marcha do programa Bun Venit – Mediación, no seu apartado de sensibilización, así como o desenvolvemento das accións en centros educativos dos proxectos Pregatirea Maine e Conecta Cultura permitiron chegar a un público amplo, tanto de poboación escolar como de responsables de servizos públicos, tanto de policía, como de servizos de saúde ata os servizos sociais e as administracións do Estado.